

A 76 anos do asasinato dos nove veciños do Val Miñor en Baiona.

Escrito por IEM

Xoves, 11 Outubro 2012 23:38



O vindeiro domingo 14 de outubro, ás 13 horas, volveremos reunirnos en torno al monumento "Volta dos Nove", na curva da Bombardeira (Baredo - Baiona). Un ano máis, familiares, veciñas e veciños lembraremos a memoria dos nove veciños miñoranos asasinados pola represión franquista na madrugada do 15 de outubro de 1936, á altura do quilómetro 58 da estrada Baiona - Camposancos. Como parte da conmemoración deste 76 cabodano, días atrás, familiares e membros do IEM replantaron 45 loureiros na zona do monumento, en substitución dos orixinais afectados polas inclemencias do tempo.

A sinxela homenaxe do domingo consistirá nun momento de recolleemento fronte ao monumento, obra do escultor Fernando Casás, unhas breves palabras do historiador Carlos Méixome, director do IEM, e unha ofrenda floral.

O asasinato dos nove.

O asasinato dos nove traballadores foi un acto de vinganza das forzas represivas trala morte do falanxista Luis Refojo, ocorrida en Sabarís, a tarde anterior das execucións. Refojo formaba parte dunha partida que ingresou a tiros nunha vivenda ocupada por un home cego (Ventura Pérez), unha muller de 71 anos (Dolores Samuelle Álvarez, "Perfecta", que traballaba como doméstica) e os irmáns Luís e José López Luís, ("Os Ineses), fuxidos dos represores, un deles co cargo de ter sido tenente de alcalde de Baiona durante a República. Unha vez asasinados os ocupantes da casa, os falanxistas decidiron marchar cara as cadeas de Vigo en

A 76 anos do asasinato dos nove veciños do Val Miñor en Baiona.

Escrito por IEM

Xoves, 11 Outubro 2012 23:38

busca de presos políticos sobre os cales descargar a súa ira pola morte do camarada.

Primeiro chegaron á cadea de Vigo, alí non lle deixaron coller a ninguén, logo foron ao frontón da rúa María Bediales que servía tamén de cadea. Meteron nove homes nunha camioneta e dirixíronse cara a Baiona. As testemuñas discrepan na hora na que os levaron a Baiona. En todo caso na noite do 15 de outubro, sobre a unha da madrugada nove veciños do Val Miñor foron asasinados á altura do quilómetro 58 de estrada Pontevedra Camposancos

Os nove homes asasinados en Baredo eran:

- **Manuel Aballe Dominguez**, mariñeiro de Panxón, de 41 anos. Fillo de Modesto Aballe Macaya e de Benita Dominguez Salgueiro. Casado con Antonia Rial Veiro, deixou

dous fillas menores: Eugenio e Víctor.

- **Felicísimo Antonio Pérez Pérez**, mariñeiro de Panxón, 44 anos. Fillo de Antonio Pérez Dominguez e de Rosa Pérez. Casado, sen fillas.

- **Elias Alejandro Gonda Alonso "O Ghonda"**, labrador, de 36 anos, veciño de Santa Cristina da Ramallosa. Fillo de Ascensión Gonda Alonso. Casado cunha moza de

Sabarís, Angelina Veiga Ríos, deixou tres fillos menores: Isabel, Carmen e Manuel.

- **Manuel Francisco Lijó Pérez "O Lijó"** de 34 anos, natural de Corrubedo (Ribeira) aínda que vivía e traballaba como mariñeiro no barrio do Burgo (Baíña). Fillo de

Francisco Lijó Oliveira e de Ramona Pérez Gonda, estaba casado con Eugenia Mijón Durán, veciña de Baiona. Deixaría orfos a cinco filias menores de idade: Mercedes,

A 76 anos do asasinato dos nove veciños do Val Miñor en Baiona.

Escrito por IEM

Xoves, 11 Outubro 2012 23:38

Manuela, Maximino, Oto e máis Eva.

- **Modesto Fernández Rodríguez "O Rei Chiquito"**, 47 anos, mariñeiro, veciño de Panxón, filio de José Fernández e Dolores Rodríguez. Traballaba como mariñeiro. Do

seu matrimonio con Rosalia Rodríguez Iglesias deixaría seis fillas menores: Gloria, Lidia, Juan, Enriqueta, Jaime e Álvaro.

- **Fidel Leyenda Rodríguez "Tío Félix"**, de 51 anos, mariñeiro de Baiona. Fillo de Eulogio Leyenda Álvarez e de Vicenta Rodríguez Miguez. Casado con Sofía Vieites

Penedo, de Baíña, non deixaba fillos.

- **José Rodríguez González, "O Pelonio"**. Fillo de Rufina Rodríguez González. Veciño da Porta da Vila en Baiona. Tiña 45 anos Este mariñeiro deixaría viúva a Clementina

Freire Mosquera, de 43 anos, e orfos a Rogelio, Manuel, José, Melitón e África.

- **Manuel Barbosa Durán, "O Ferreiro do Burgo"**. O máis novo dos asasinados, tan só contaba con 30 anos de idade. Mecánico, natural de Bruña, foi vivir a Panxón tras o

seu matrimonio con Julia Sanjuan García. Deixaría catro fillos orfos Oulia, Ma Carmen, Ma Encarnación e Manuel. Os seu s pais Alfredo Barbosa e Isabel Durán Álvarez .

- **Generoso Valverde Iglesias**, fillo de Fermín e Constantina. Tamén traballaba como mariñeiro e contaba, cando segaron a súa vida, 37 anos de idade. Natural e veciño de

A 76 anos do asasinato dos nove veciños do Val Miñor en Baiona.

Escrito por IEM

Xoves, 11 Outubro 2012 23:38

Panxón, casado con Aurelia Rodríguez Cabral, deixou seis fillos, todos eles menores:
Generoso, José, Germán, Vicente, Elodia e Constante